



**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
DE  
EDUCACIÓN INFANTIL**

## Índice

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
3	CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.....	3
4	OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN INFANTIL.....	4
5	CONTRIBUCIÓN DESDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	4
6	METODOLOXÍA.....	9
6.1	Presencial.....	9
6.2	Non presencial.....	9
6.3	Semipresencial.....	10
6.4	Agrupamentos e espazos.....	10
6.5	Principios psicopedagóxicos básicos.....	10
6.6	Estratexias didácticas.....	11
6.7	Actividades.....	11
7	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS ( incluídos os libros de texto).....	12
8	A AVALIACIÓN.....	12
8.1	Procedementos e instrumentos de avaliación.....	12
8.2	Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial.....	13
9	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	13
10	ACCÍONS E CONTRIBUCÍONS AOS DISTINTOS PLANS E PROXECTOS.....	14
10.1	Accións de contribución ao proxecto lector.....	14
10.2	Accións de contribución ao plan tic.....	14
	Os obxectivos que se teñen en conta para El son:.....	14
10.3	Accións de contribución ao plan de convivencia.....	15
10.4	Accións de contribución ao proxecto lingüístico.....	15
11	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	16
12	ÁREAS, OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E TEMPORIZACIÓN.....	17
12.1	4º EDUCACIÓN INFANTIL.....	17
12.2	5º EDUCACIÓN INFANTIL.....	22
12.3	6º EDUCACIÓN INFANTIL.....	28
13	PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.....	33
14	PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN E A PRÁCTICA DOCENTE.....	34

## 1 INTRODUCCIÓN

Fundamento legislativo:

- Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato.
- Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 2 CONTEXTUALIZACIÓN

Situado na parroquia de Santa María de As Neves, o CEIP Marquesa do Pazo da Mercé é o único centro de Educación Infantil e Educación Primaria do concello de As Neves.

O concello de As Neves, situado no sur da provincia de Pontevedra e separado de Portugal polo río Miño, ten arredor de 3900 habitantes repartidos polas súas 13 parroquias. Limita tamén con Salvaterra de Miño, Pontearreas, Arbo e A Cañiza.

Os falecementos (por idade) e a busca doutros modos de vida lonxe do Miño seguen baleirando un concello que noutros tempos chegou a 5000 habitantes que vivían vinculados á agricultura. Hoxe as cousas son doutro xeito: moitas familias mudáronse a localidades limítrofes con máis oportunidades de traballo e posibilidades de conciliación familiar. A vida na cidade resulta máis atractiva para as familias máis xoves, e os que seguen residindo no concello dedícanse ao cultivo minifundista, aínda que se están facendo grandes esforzos e notables progresos no eido da viticultura.

Traballadores do campo e do sector servizos, as familias nevenses teñen un poder adquisitivo medio-baixo.

A pesar de ser unha zona rural, a lingua predominante nos nenos é o castelán. Os maiores diríxense aos cativos en castelán e edúcanos nesta lingua, relegando o galego a un uso secundario (para a comunicación entre eles e o mundo do campo).

Desde o goberno municipal non se escatiman esforzos por facilitar o acceso á cultura e a educación.

## 3 CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

O alumnado do centro está comprendido entre os 3 e os 12 anos. Contamos cunha excepción: un alumno que, polas súas características e necesidades persoais, flexibiliza por segunda vez, está en 6º de E. Primaria e ten 14 anos.

Na súa maioría proceden de familias que viven nalgunha das 13 parroquias do concello, aínda que hai certo número de casos que residen en concellos limítrofes como Pontearreas ou Salvaterra, e que se desprazan ao centro todos os días.

Arredor do 18% do alumnado do centro presenta necesidades educativas especiais que son atendidas polos especialistas de PT e AI do centro. Para unha mellor atención destas necesidades especiais, contamos no centro cunha aula específica á que acoden diariamente, e en determinadas horas, 2 alumnos con TEA.

As necesidades de atención educativa que temos no centro son as seguintes:

- TEA
- TDAH
- Dislalias, rotacismos, disfasias...
- Atrasos na aprendizaxe froito dun ambiente familiar desfavorecido
- Atrasos na aprendizaxe froito dunha maduración tardía
- Hipoacusias (de distinta índole e etioloxía)
- Altas capacidades

Unha alta porcentaxe do alumnado é castelán falante, sendo minoritario o uso da lingua galega.

Esta programación didáctica vai dirixida ao 2º ciclo de educación infantil, dividido en tres aulas.

## 4 OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN INFANTIL

O Decreto 330/ 2009, do 4 de xuño, establece no seu artigo 4º que a Educación Infantil contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das TIC'S.

## 5 CONTRIBUCIÓN DESDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

No texto consolidado conformado pola LOE/LOMCE establécense as bases para o desenvolvemento persoal e social das nenas e os nenos e intégranse aprendizaxes, que están na base das competencias que se consideran básicas para todo o alumnado.

Enténdese por **competencia** a capacidade do neno e da nena de pór en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diferentes, tanto os coñecementos teóricos coma as habilidades ou coñecementos prácticos, así coma as actitudes adquiridas. O concepto de competencia vai pois, máis aló do saber estar e do saber facer ou aplicar; xa que inclúe ademais o saber ser ou estar.

No Decreto 330/2009 e na LOE veñen recollidas as competencias básicas para educación infantil. Agora ben, para favorecer a paso de infantil a primaria, tamén se deben ter en conta as competencias clave establecidas na Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e o bacharelato e no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. A seguir móstrase un cadro coa relación entre as competencias básicas e as clave:

COMPETENCIAS BÁSICAS	COMPETENCIAS CLAVE
CB1. – Competencia en comunicación lingüística.	CCL – Competencia en comunicación lingüística.
CB2. – Competencia matemática.	CMCT – Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
CB3. – Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.	
CB4. – Tratamento da información e competencia dixital.	CD - Competencia dixital.
CB5. – Competencia social e cidadá.	CSC – Competencias sociais e cívicas.
CB6. – Competencia cultural e artística.	CCEC - Conciencia e expresións Culturais.
CB7. – Competencia para aprender a aprender.	CAA – Competencia de aprender a aprender.
CB8. – Autonomía e iniciativa persoal.	CSIEE – Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

O desenvolvemento das competencias clave abordarase desde todas as áreas curriculares de xeito interdisciplinario.

A seguir tratarase polo miúdo cada unha das competencias:

### **CB1 / CCL - Competencia en comunicación lingüística**

Os nenos e as nenas inician o desenvolvemento desta competencia, a partires da estruturación do coñecemento de si mesmos e o desenvolvemento da autoestima, aprendendo a facer un adecuado uso da linguaxe como medio para expresar e comunicar as súas vivencias, opinións, necesidades, sentimentos, emocións e preferencias, así como a escoitar os dos outros, especialmente os dos seus iguais. Isto supón a exercitación de habilidades de comunicación oral como a participación en diálogos e conversacións, respectando a vez na quenda de palabra e as achegas dos demais.

A práctica a levar a cabo abrangue actividades de expresión, comprensión, descrición, narración, interpretación, explicación, realización de debates, resolución de problemas, recreación de situacións da vida cotiá, utilización de textos e utilización das destrezas necesarias para iniciarse na escritura e na lectura.

Tamén supón o uso de pictogramas os cales constitúen un mecanismo de iniciación do alumnado ao aprendizaxe lectoescritora, estimulando, dada a riqueza de combinacións posibles, a súa capacidade comunicativa través da palabra.

Os contos son instrumentos de aprendizaxe moi motivadores e atractivos para os nenos. A ampla gama de actividades educativas que poden xerar convérteos en especialmente interesantes: entre elas, secuencialos con imaxes favorece que o alumnado estruture e organice a historia narrada, a recorde e a enriqueza coas súas propias achegas.

Os textos de tradición oral supoñen unha aprendizaxe memorística de textos que combinan o texto e os gráficos, enriquecendo o recuncho do conto, ó converterse en instrumentos manipulativos.

Os carteis tamén se engloban dentro desta competencia. Eles son usados para definir as zonas da aula, obxectos e materiais que alberga, así como conceptos básicos, números, os seus nomes, vocabulario...

### **CB2 - Competencia matemática e CB3 – Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico / CMCT – Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

En canto ao aspecto matemático nocións como o coñecemento do número de partes que teñen os segmentos do corpo, a resolución de problemas e a ordenación de secuencias da vida cotiá contribúen a desenvolver de habilidades relacionadas coa devandita competencia tales como o coñecemento de aspectos cuantitativos, a planificación, a obtención de información e a valoración dos resultados.

Por outra banda, contribúese tamén ao desenvolvemento desta competencia mediante a interpretación e representación da realidade que se realiza ao traballar contidos relacionados coa situación do neno/a no espazo e a súa relación cos obxectos, así como na estimación intuitiva do tempo que realiza a través das rutinas diarias.

Na práctica realízanse actividades para operar, solucionar, calcular e empregar o coñecemento das formas e figuras xeométricas para describir e resolver situacións cotiás que o requiran. Para iso facemos uso de:

- Formas xeométricas: empregar as formas xeométricas como pezas do recuncho das construcións favorece a capacidade creativa do alumnado, que a través da manipulación vai recoñecendo as propiedades que as definen e van descubrindo outras novas.
- Solución de problemas: formular problemas en base ós intereses do alumnado, ilustralos, estruturando a resolución dos mesmos.
- Calendario: o neno adquire unha progresiva estimación do tempo. Elaborar un calendario que teña carácter manipulativo, representando os días da semana, contando os días do mes...
- Os números: empréganse en moitas actividades da aula.

En relación ao ámbito tecnolóxico e o mundo físico:

Dende esta competencia o neno e a nena desenvolven as capacidades necesarias para unha adecuada percepción do seu contorno máis próximo, para interactuar, moverse e orientarse nos espazos cotiáns con autonomía e iniciativa persoal, así como para adquirir adecuados hábitos relacionados coa saúde e o consumo como xeradores de benestar individual e colectivo.

Na práctica lévanse a cabo actividades para comprender a relación de utilidade que se establece entre os homes e as mulleres e o resto dos seres vivos, coñecer e observar a natureza, desenvolver a capacidade para lograr unha vida saudable e o pensamento científico-técnico, percibir o espazo físico no que se desenvolve a vida, formular preguntas e razoar sobre os fenómenos que se producen no medio ambiente.

Para iso temos en conta as saídas, relacionadas co centro de interese ou proxecto que esteamos traballando en cada momento; a prevención de accidentes, mediante ilustracións represéntanse situacións cotiás que entrañan perigo para os nenos. Sobre elas planifícanse distintas resolucións; e as festas populares: re-crear no centro e na aula as festas populares que se celebran na nosa cultura, favorece que o neno as vi-

vencie. Tendo en conta o incremento de nenos que proceden doutros, pódese ir introducindo festividades procedentes deses lugares como mecanismo de acercamento ás mesmas.

## **CB4 - Tratamento da información e competencia dixital / CD - Competencia dixital**

Guiados polo adulto, os nenos e as nenas irán desenvolvendo, de forma progresiva, a capacidade de tratar e seleccionar a información que reciben cunha actitude crítica e reflexiva, e isto fomenta a súa autonomía persoal.

Na práctica terase en conta a adquisición dos coñecementos, as habilidades, e as destrezas básicas necesarias para a utilización do equipamento informático e diferentes tipos de información e linguaxe, capacidade de buscar, procesar e comunicar información transformándoa en coñecemento e co posible emprego de diversos recursos e técnicas; e comprensión da información, integrándoa progresivamente nos esquemas previos de coñecemento.

- Manipulación do rato: o rato é o mellor medio para que eles poidan empregar o ordenador, ademais serviralles de ferramenta para poder acceder a xogos e software propios á súa idade, que ademais se converterán en apoio para o aprendizaxe na aula.
- O ordenador: o coñecemento dos elementos do ordenador farase mediante tarxetas identificativas que en primeiro lugar presentarase xunto ós elementos do ordenador, posteriormente e mediante actividades e xogos comprobaremos se coñecen estes elementos e para que serven.
- O uso de dispositivos como as tabletas, tamén contribuirán ao desenrolo da competencia dixital dunha forma lúdica e máis achegada aos seus gustos e preferencias. Mediante distintos xogos ou aplicacións, tratarase de traballar conceptos xa tratados para reforzalos e motivar así a súa curiosidade por aprender.

## **CB5 - Competencia social e cidadá / CSC - Competencias sociais e cívicas**

Esta área contribúe ao seu desenvolvemento na medida en que o neno/a vai sendo capaz de expresar as propias ideas en distintos contextos e escoitar as alleas, adecuar o seu comportamento ás necesidades e requirimentos dos outros, participar activamente na vida da aula aceptando as normas de convivencia e utilizar o diálogo e a negociación como forma de resolver os conflitos.

Na práctica levaranse a cabo actividades para saber escoitar, convivir e relacionarse cos demais, coñecerse a si mesmo, desenvolver as habilidades para traballar en equipo e hábitos de comportamento axeitados, asumir normas e valores democráticos e coñecer o patrimonio artístico e cultural.

- Asembleas: favorecen o intercambio de opinións e criterios, estimulan a capacidade comunicativa do alumnado e enriquecen o seu vocabulario. Do mesmo xeito permiten poñer en práctica habilidades sociais como: respectar a quenda de palabra, pedir permiso para intervir, escoitar ós demais, non interromper....
- Dramatizacións: a través delas o alumnado asume e representa distintos roles sociais que lles fan vivir distintas situacións reais ou imaxinarias.
- Normas de aula: presentarase acompañadas de ilustracións e serán colocadas nun lugar visible. Estas, tratarán de favorecer a convivencia entre o alumnado.
- 

## **CB6 - Competencia cultural e artística / CCEC - Conciencia e expresións culturais**

A área contribúe á adquisición desta competencia mediante a utilización dos sentidos en actividades relacionadas coa percepción e apreciación de distintas manifestacións artísticas e culturais (obras de arte, audicións musicais, representacións teatrais, danza...) e as sensacións e sentimentos que estas lles producen.

Tamén o fai mediante o recoñecemento doutras manifestacións propias do seu contorno cultural relacionadas co desenvolvemento da motricidade, tales como os deportes e os xogos tradicionais.

Doutra banda, o debuxo é o modo máis natural de expresión dos nenos e das nenas destas idades. A través del irá desenvolvendo o seu esquema corporal.

Na práctica as actividades a realizar teñen como finalidade aprender a apreciar e a valorar as producións dos demais, empregar diferentes medios de expresión, desenvolver a sensibilidade, e coñecer diversas manifestacións artísticas e culturais.

- Instrumentos musicais: coa música non só desenvolvemos nos nenos e nenas o seu oído musical, senón que a través deles, acercámoslos a unha expresión artística. As actividades de produción e audición musicais... suporán un acercamento á nosa cultura.
- Cancións e xogos populares: ao achegar aos nenos ás cancións e xogos populares estamos propiciando o coñecemento da nosa tradición cultural e igualmente deste modo, acercámoslos ao seu contorno, sentíndose máis seguros no mundo que os rodea.
- Bits de intelixencia: presentaremos as diferentes obras de arte cos seus pintores, escultores.... isto propiciará nos alumnos un maior coñecemento do contorno así como un achegamento á nosa realidade artística e cultural.
- Presentación de diferentes técnicas plásticas: coloreado, con diversos materiais, picado, recortado, repasar debuxos con rotulador, punteado...Esto propiciará nos nenos o gusto por experimentar con distintos materiais, fomentando ao mesmo tempo a súa autoestima ao observar as súas producións.
- Actividades psicomotrices: a través da psicomotricidade achegamos aos nenos á nosa cultura e ás artes.

### **CB7 - Competencia para aprender a aprender / CAA – Competencia de aprender a aprender**

As actividades que se propoñen nesta área para conseguir o autocoñecemento contribúen a iniciar o desenvolvemento desta competencia.

Na medida en que o neno e a nena van coñecendo as súas propias capacidades (intelectuais, emocionais, físicas) e limitacións, toman conciencia do que poden facer por si mesmos. Deste xeito, van adquirindo confianza en si mesmos e desenvolvendo un sentimento de competencia persoal que favorecerá a motivación e o gusto por aprender, esforzándose por alcanzar novas metas.

Na práctica realizaranse actividades para aprender a resolver problemas da vida cotiá, sentir desexo e curiosidade por aprender, coñecer e valorar as posibilidades e limitacións, pedir axuda cando non poidan realizar determinadas accións por eles mesmos e aprender a explorar e a manipular obxectos e situacións.

- Quebracabezas de letras: este elemento propiciará, unha vez iniciado o proceso de lectoescritura, que o neno investigue por si mesmo, que sexa capaz de a partir da información e o coñecemento das letras de que dispoña para construír palabras.
- Conceptos traballados: as paredes da aula constitúen instrumentos de aprendizaxe cando se estruturan de forma conveniente. Situremos na parede os aspectos traballados, servindo por tanto de escaparate visual e de reforzo para o alumnado.
- Actividades por recunchos: a información do alumnado nos distintos recunchos ofrece unha organización da actividade en pequenos grupos, o que favorece unha interacción máis próxima entre o



alumnado. As actividades nos diferentes recunchos poden estar predeterminadas ou ben poden crearse de forma espontánea por parte do alumnado, sempre guiadas e observadas polo docente.

## **CB8 - Autonomía e iniciativa persoal / CSIEE – Sentido da iniciativa e espírito emprendedor**

Os nenos e as nenas comezan a partir da consecución dos obxectivos da área de coñecemento de si mesmos e autonomía persoal a aprender a «ser eles mesmos e a facer» base do desenvolvemento desta competencia. Por iso, que esta área persegue entre os seus obxectivos que a nena e o neno consigan un progresivo control motor, un coñecemento de si mesmos e unha autoimaxe positiva, e adquiren as destrezas necesarias para ser cada vez máis autónomos, tendo por iso máis responsabilidade e iniciativa.

Na práctica desenvolveranse actividades que promovan ter iniciativa e criterio propio, os valores persoais e habilidades sociais, ser capaz de formularse obxectivos, elaborar ideas e buscar solucións ante os problemas que se lle formulan, identificar as emocións propias e ser capaz de comprender as dos demais e adquirir as destrezas necesarias para detectar necesidades e buscar solucións con creatividade.

- Cargos da aula: os cargos da aula simbolizan e concretan a distribución das distintas responsabilidades a asumir polo alumnado, de maneira efectiva e asociándoos á funcións definidas.
- Horario: consiste en representar graficamente as secuencias temporais nas que se estrutura a xornada escolar. Deste modo, o alumnado ten constante coñecemento do “momento / actividade” no que se atopa, dos xa acontecidos e dos que están por acontecer.
- A comida de media mañá: propoñer un menú orientativo para a merenda do alumnado, san e equilibrado, favorece a creación de hábitos saudables que arraigarán no neno e definirán os seus gustos alimenticios cando se converta nunha persoa adulta.
- 
- 

## **6 METODOLOXÍA**

Dependendo da evolución da situación extraordinaria que estamos vivindo pola COVID-19, a metodoloxía pode ser presencial, non presencial ou semipresencial.

### **6.1 Presencial**

O ensino presencial desenvólvese no centro aplicando os principios metodolóxicos que teñen como protagonista ao alumnado.

Como medida de precaución e de evitar riscos de contaxio e propagación de virus, este ano limitaranse un pouco as metodoloxías colaborativas evitando a proximidade física do alumnado. O traballo será eminentemente individual, procurando canta menos mobilidade mellor e evitando que o alumnado comparta obxectos que non se desinfecten previamente.

### **6.2 Non presencial**

O desenvolvemento da metodoloxía non presencial terá lugar se houberse que suspender o ensino presencial. Neste caso cobraría protagonismo a aula virtual, e a través dela seguiríase co proceso de E-A. de xurdiren problemas/dificultades de acceso á tecnoloxía por parte das familias/alumnado, buscaríase o xeito de solucionarlos (pedindo axuda ao Concello, prestando ordenadores ou tabletas...).

### **6.3 Semipresencial**

De haber instrucións dun ensino semipresencial, combinaríamos os métodos empregados no ensino presencial e a aula virtual, tendo en conta sempre as diferenzas/dificultades de acceso á tecnoloxía que pode ter o alumnado e intentando resolver os atrancos que se presenten.

## 6.4 Agrupamentos e espazos

Este curso, debido á situación de risco de contaxio no que nos atopamos, o alumnado traballará de xeito individual e en gran grupo (toda a clase). Non haberá agrupamentos pequenos (parellas, grupos de 3, 4...). Todo o alumnado estará sentado no seu sitio, levantándose o imprescindible e sen xuntarse cos compañeiros. Tampouco se compartirá ningún tipo de material ou recurso.

Polo tanto, os espazos están determinados desde o inicio de curso, contemplándose solo a posibilidade de cambiar a localización dun alumno por outro dentro da aula (previa desinfección das mesas e cadeiras).

## 6.5 Principios psicopedagóxicos básicos

Ademais do dito ata agora, engadir que a metodoloxía que se ten en conta para o desenvolvemento da tarefa educativa durante este curso escolar, baséase nunha serie de principios establecidos nas orientacións metodolóxicas do Decreto 330/ 2009 do 4 de xuño, e en distintas correntes psicopedagóxicas.

Para acadar os obxectivos propostos durante este curso escolar, establécese unha metodoloxía globalizada, na cal se terá en conta que cada un dos/as alumnos/as posúe unhas características propias que os fan únicos/as, polo que respectaremos sempre a evolución individual e o ritmo de cada un. Partindo sempre do seu nivel de desenvolvemento e indo do global ó diferenciado e da vivencia á representación; sen esquecer en ningún momento o estadio evolutivo no que se atopan os nenos/as.

Trataremos de conseguir aprendizaxes significativas, das que falaba Ausubel, nas que o alumnado poida establecer vínculos entre o que xa sabe e o que ten que aprender. Para logralo partimos dunha avaliación inicial utilizando como puntos de referencia a observación, a información proporcionada pola familia, etc.

O proceso de ensinanza - aprendizaxe debe partir de tarefas auténticas ou reais, deixando de lado, na medida do posible, os contextos (material didáctico e espazos) artificiais. Estas tarefas auténticas levarannos a desenvolver no alumno unha aprendizaxe significativa.

Tamén se propiciará un clima afectivo e de seguridade que lle permita ao alumnado sentirse explorador activo, observador e autónomo na construción da aprendizaxe, na que manipulen, experimenten... e o aspecto lúdico sexa protagonista e se complemente coa estimulación sensorial. Desta forma favorecerase a construción dunha autoestima positiva e axustada.

É importante resaltar a importancia de ensinar aos/ás cativos/as a "aprender a aprender", e para iso resulta fundamental presentar actividades que os poñan en contacto coa súa realidade máis próxima, actividades que sexan capaces de realizar con éxito, onde se presente a dificultade de forma progresiva.

As mestras de EI somos as mediadoras entre o alumnado e o seu coñecemento e desenvolvemento, atendendo a súa diversidade. Tamén se favorecerá o estímulo da creatividade, deixando de lado os estereotipos e convencionalismos, dando liberdade nas súas expresións e creacións e non coartando os seus propios pensamentos, e evitando a utilización de material sexista.

## 6.6 Estratexias didácticas

Para lograr desenvolver todos os principios ditos anteriormente, establecemos diferentes estratexias didácticas dende a perspectiva construtivista da aprendizaxe:

- **Pequenas investigacións:** servirémonos do apoio destas pequenas investigacións para ir aprendendo contidos relacionados cos intereses do momento do alumnado.
- **Traballo manipulativo:** buscarase en todo momento a experiencia da manipulación de distintos materiais para que con eles poidan adquirir os distintos conceptos programados.
- **Experimentación:** para assimilar e adaptarse ao contorno, buscamos que o manipulen a través dos distintos sentidos. Así, o alumnado a través do proceso sensorial e perceptivo desenvolve experien-

cias na que son protagonistas e deben resolver actividades nas que establezan relacións, formulen hipóteses que leven a comprobacións, etc.

- **Traballo por recunchos:** tamén se terá presente o traballo en pequenos grupos a través dos recunchos, onde se favoreza a relación social e o apoio mutuo para desenvolver as tarefas propostas.
- **Introdución ao método ABN:** unha das liñas metodolóxicas do centro educativo é o ABN. Así pois, en El estase introducindo paseniñamente o traballo lóxico matemático a través desta metodoloxía, realizando actividades de conteo, subitización, estimación...

## 6.7 Actividades

Os/as mestres/as deberemos facilitar ao noso alumnado a realización de actividades e experiencias que, conectando ó máximo coas súas necesidades, intereses e motivacións, lles axuden a aprender e a desenvolverse. Ditas actividades deben estar caracterizadas por ser motivadoras e significativas, interactivas entre o alumnado e a demais comunidade educativa e estar relacionadas cos tres ámbitos de experiencia que recolle o currículo.

O seu desenvolvemento sempre terá como finalidade o logro das competencias, presentándose como pequenos problemas ós que o/a cativo/a debe dar resposta de forma creativa, e a consecución dos obxectivos didácticos propostos ao longo do curso.

Á hora de secuenciarlas, daráselle prioridade ás estratexias de vivenciación, observación e oralidade, para seguir coa manipulación e a expresión das experiencias, tendo en conta, en todo momento, os períodos de máxima plasticidade dos/as cativos/as e os momentos de fatiga.

Estas actividades poden clasificarse en:

- **Actividades introductorias:** ao inicio de cada pequena investigación propóñense actividades que susciten o interese e a participación cara os contidos a traballar (contos, cancións, murais...). Ditas actividades serven tamén para recoller información sobre os intereses, coñecementos previos e nivel de desenvolvemento acadado polos/as nenos/as.
- **Actividades de desenvolvemento:** consiste nun un conxunto de actividades coas que o alumando descubra, organice e relacione a información que se lle dá en relacionada cos conceptos que se pretende que sexan adquiridos.
- **Actividades de avaliación:** deseñadas para valorar o nivel de coñecemento e capacidades adquiridas, como pode ser coas asembleas de reflexión.
- **Actividades de ampliación:** dirixidas ao alumnado que desexa ou necesita afondar o grao de coñecemento sobre o tema tratado, por exemplo con tarefas a realizar nalgunha app.
- **Actividades de reforzo:** para o alumnado cun ritmo máis lento na aprendizaxe, pode traballarse con tarxetas ilustradas sobre o vocabulario, actividades de asociación...
- **Actividades complementarias:** actividades dentro do horario lectivo que non se encadran nas conmemoración, tales como a celebración de festas tradicionais como o Samaín, o Magosto, o Nadal e o Entroido, co obxectivo de achegar o alumnado os costumes populares de Galicia e do contorno próximo. Este curso será complexo a organización de actividades fóra da aula ou co resto de compañeiros de infantil debido á situación de pandemia na que nos atopamos.
- **Actividades conmemorativas:** Traballarase as diversas conmemoracións establecidas no calendario escolar pero a nivel grupo-aula debido á situación actual.

## 7 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS ( incluídos os libros de texto)

Empregaranse todos aqueles materiais e recursos que se considere que favorecen o proceso educativo e o desenvolvemento das capacidades do alumnado. Para a súa selección atenderase a criterios pedagóxicos.

No que respecta aos recursos humanos cóntase con:

- persoas titoras,
- especialista de AL
- especialista de Música
- especialista de Inglés
- especialista de Relixión
- especialista de E. Física

Empregarase o seguinte material para o traballo na aula:

- Material funxible: cadernos do alumnado, folios, cartolinas, goma, lapis, rotuladores, ceras, bolígrafos, cartolinas...
- Material elaborado polo profesorado: fichas impresas, guías...
- Recursos dixitais: páxina web do centro, aula virtual, PDI, ordenador, actividades interactivas...
- Libros de texto:

CURSO	TÍTULO	EDITORIAL	LINGUA
4º EI	Cuaderno de números 1	EDELVIVES	Castelán
	Grafomotricidad monstruosa 1	ANAYA	Castelán
5º EI	Cuaderno de números 2	EDELVIVES	Castelán
	Grafomotricidad monstruosa 2	ANAYA	Castelán
6º EI	Cuaderno de números 3	EDELVIVES	Castelán
	Grafomotricidad monstruosa 3	ANAYA	Castelán

## 8 A AVALIACIÓN

### 8.1 Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación é continua, global, formativa e integradora e tense en conta o progreso do alumnado no conxunto de todas as áreas do currículo.

Empregaranse as seguintes técnicas e instrumentos de avaliación:

Técnicas	Instrumentos
• Observación directa	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lista de cotexo</li> <li>• Escala de observación</li> <li>• Portafolios de evidencias</li> </ul>
• Análise das producións do alumnado (escritas e orais)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lista de control</li> <li>• Escala de observación</li> <li>• Lista de cotexo</li> <li>• Rúbrica</li> </ul>
• Intercambios orais	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Escala de observación</li> <li>• Lista de cotexo</li> </ul>
• Autoavaliación e co-avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Escalas de actitudes</li> <li>• Rubrica</li> </ul>

Ao ser unha avaliación continua, poderase incorporar reforzo ou ampliación para o alumnado que o precise en calquera momento.

Ao longo do curso realizaremos tres sesións de avaliación que se recollerán en acta e faranse constar as medidas de reforzo que sexan necesarias.

Ao remate de cada unha das sesións de avaliación, as familias/ titores legais do alumnado, recibirán información dos resultados e das medidas de reforzo e/ou recuperación que se adoptaron en caso de ser necesario levalas a cabo.

## **8.2 Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial**

Durante as primeiras semanas do curso, levarase a cabo a avaliación inicial do alumnado para:

- valorar o nivel de habilidades e de coñecementos previos que ten o alumnado respecto aos obxectivos previstos para o curso,
- para personalizar o proceso de ensino aprendizaxe e ofrecer unha atención individualizada ao alumnado segundo as súas necesidades.

## **9 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Toda a práctica educativa estará enfocada á atención da diversidade. A escola, como a sociedade, acolle diversidade de persoas con características e necesidades propias. Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno. Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoptando as seguintes medidas:

- Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado.
- Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de planear tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a integración e a inclusión de todo o alumnado.
- Partiremos do nivel de cada alumno.
- Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.
- Traballaremos as emocións con todo o grupo-clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.
- Utilizaremos estratexias para controlar e mellorar a conduta:
  - Amosando unha actitude tolerante, flexible e paciente.
  - Actuar como un modelo de conduta reflexiva.
  - Evitar as recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público.
  - Ignorar os comportamentos e as chamadas de atención que non sexan moi molestos.
  - Permitir momentos de descanso, como levantarse, borrar o encerado, repartir cadernos.
  - Establecer consignas non verbais co alumnado para advertilo do incumprimento dalgunha norma.
  - Evitar a acusación, ridiculización, etiquetaxe moral ou estigmatización
  - Anticiparse e prever situacións que poidan presentar problemas
  - Realizar entrevistas periódicas individuais co alumnado sobre o seguimento e motivación da conduta, que nos poden servir tamén para detectar algún tipo de acoso escolar.
  - Facer un seguimento do seu traballo.
  - Favorecer a súa integración cando a conduta é a adecuada e que os ignoren cando se portan mal.
  - Chegar a acordos con contratos de conduta adaptados á súa idade.
  - Retirar da mesa calquera obxecto que poida servir de distracción.

## 10 ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓNS AOS DISTINTOS PLANS E PROXECTOS

### 10.1 Acciós de contribución ao proxecto lector

Para poder contribuír dende EI ao PLC e ao PAL, collemos de referencia os obxectivos establecidos neles e a partir de aí desenvolvemos distintas actividades que favorezan o seu desenvolvemento. Así pois, a partir de obxectivos como os seguintes:

- Favorecer a creatividade e a imaxinación.
- Estimular a habilidade visual.
- Espertar o interese polos libros.
- Motivar ó alumnado para que sinte interesante a biblioteca escolar.
- Iniciar a aprendizaxe lectora.
- Ler e interpretar pictogramas e imaxes.
- Ordenar de xeito secuencial viñetas relacionadas cun conto.
- Contar detalles dos contos e memorizar poemas.
- Representar o argumento do conto ou dalgunha secuencia, a través da expresión corporal e oral.

Desenvolvemos actividades como:

- Cada alumno/a colle en préstamo quincenal un libro da biblioteca de centro.
- Visita cada quince días da biblioteca do centro.

### 10.2 Acciós de contribución ao plan tic

As novas tecnoloxías xa forman parte da vida cotiá do noso alumnado. Para a súa correcta formación é imprescindible que desenvolvan as estratexias necesarias de manexo e emprego das TIC como ferramenta, e sexan capaces de procesar e seleccionar dun xeito eficaz a información.

Os obxectivos que se teñen en conta para EI son:

- Apagar e acender o ordenador.
- Manexar o rato.
- Utilizar os recursos educativos da nosa web.
- Abrir e pechar programas.

As actividades previstas a realizar son:

- Creación do recuncho TAC (tecnoloxía da aprendizaxe e da comunicación). Nel está a PDI, o ordenador e a tableta para traballar de forma libre e dirixida en distintas webs, apps... Estes materiais poden ser extrapolables a outros recunchos. Tamén se empregan no momento das rutinas, para ver o tempo en Meteogalicia, buscar a palabra do día, etc.

### 10.3 Acciós de contribución ao plan de convivencia

A convivencia é un obxectivo formativo e fundamental no proceso educativo.

Este obxectivo acádase a través da:

- Xestión do grupo.
- Solución de conflitos, normas...de casos reais que se presentan dentro e fóra da aula.
- Debates que suxiran procesos de reflexión, sobre casos reais e hipotéticos.
- Planificación e revisión de normas de conduta.
- Chegar a acordos coas familias e especificar en que nos comprometemos a axudar para facilitarlle o proceso educativo ao alumnado.
- Criterios educativos comúns, sobre todo en hábitos de traballo, alimentación e hixiene.
- Establecemento de modelos coherentes de comportamento
- Reforzo do papel da escola.

- Coordinación permanente para a realización de actividades dentro e fóra da aula:
- Favorecer nas horas de lecer, tanto dentro como fóra da aula, nos recreos, por exemplo, actividades que propicien a socialización e o trato e respecto entre iguais.

Á hora de tratar comportamentos anómalos e/ou disruptivos contémpanse as seguintes actuacións:

- Amosar unha actitude tolerante, flexible e paciente.
- Actuar como un modelo de conduta reflexiva.
- Evitar as recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público.
- Ignorar os comportamentos e as chamadas de atención que non sexan moi molestos.
- Anticiparse e prever situacións que poidan presentar problemas adxudicándolle tarefas de responsabilidade (por exemplo, mandalo a un recado a outro lugar fóra da aula) que permitan a súa mobilidade e que faga que esqueza o capricho/rabieta.
- Evitar a acusación, ridiculización, etiquetaxe moral ou estigmatización, por parte dos demais cara a el/ela.
- Realizar entrevistas periódicas individuais con el/ela, sobre o seguimento e motivación da conduta, que nos poden servir tamén para detectar o nivel de integración dentro do grupo.
- Facer un seguimento das súas condutas, anotándoas todas tal e como se produciron.
- Favorecer a súa integración cando a conduta é a axeitada e conseguir que os demais o ignoren cando se porta mal.
- Chegar a acordos con contratos de conduta adaptados á súa idade.
- Retirar da mesa calquera obxecto que poida servirle de distracción.
- Estar o máis próximo a el/ela posible.

De non dar resultado todo isto, poñerase en marcha a aula de convivencia, á que debe acudir tras facer un informe detallado desta decisión.

## **10.4 Accións de contribución ao proxecto lingüístico**

Os obxectivos específicos do proxecto lingüístico para EI son:

- Amosar unha actitude positiva cara á lingua galega.
- Usar un léxico cada vez máis variado en galego, acorde coa idade.
- Interesarse e atender á lectura de textos en galego.
- Memorizar e recitar textos de carácter poético en galego.
- Empregar expresións convencionais de cortesía en galego.

Algunhas das actividades que se levarán a cabo para a consecución dos obxectivos son:

- Cada aula estará dotada de textos en galego: contos, poesías, cancións...
- Emprego da lingua galega en algunhas actividades ao longo da xornada escolar, de forma sistemática.
- Lerlles os comunicados que levan para a familia e que sempre irán en galego.
- Aproveitar as celebracións tradicionais para favorecer a comprensión e expresión en galego.
- Visionado de películas en lingua galega.
- Dispoñer en cada aula dun repertorio de cancións e ritmos galegos.
- Participar na elaboración da revista do centro.

## **11 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Estas actividades tamén se verán afectadas pola situación que vivimos. Levaranse a cabo solo aquelas nas que a distancia entre o alumnado sexa o mínimo requirido para salvagardar a súa saúde. Estarán supeditadas á evolución da pandemia na nosa zona.

12 ÁREAS, OBECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E TEMPORIZACIÓN  
12.1 4º EDUCACIÓN INFANTIL

ÁREA	COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL					
	OBECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	TEMPORIZACIÓN		
				1º T	2º T	3º T
<b>BLOQUE 1: O CORPO E A PROPIA IMAXE</b>						
Coñecer e representar o propio corpo identificando as súas partes máis globais.	Exploración do propio corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades.	Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.	X	X	X	
	Coñecemento do esquema corporal global.					
Avanzar na precisión de xestos e movementos.	Potenciación da construción do esquema corporal a partir de sensacións e percepcións do propio corpo, e da súa interacción coas outras persoas, o medio e os obxectos.	Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.	X	X	X	
	Adquisición de nocións básicas de orientación e coordinación de movementos.					
	Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotrices finas e grosas.					
Identificar os propios sentimentos e emocións, necesidades e preferencias e ser capaces de expresalos e comunicalos.	Control progresivo dos propios sentimentos e emocións.	Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.	X	X	X	
	Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.					
Formarse unha autoimaxe positiva, identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e acadando maior autonomía persoal.	Aceptación e valoración positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e coñecendo as limitacións propias.	Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.	X	X	X	
	Petición e aceptación de axuda nas actuacións que así o requiran					
	Aceptación da propia imaxe corporal e gozo xogando co seu corpo, desenvolvendo accións e iniciativas individuais e grupais, empregando as posibilidades expresivas do propio corpo.					
<b>BLOQUE 2: XOGO E MOVEMENTO</b>						



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

Avanzar na precisión de xestos e movementos.	Exploración das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas, amosando iniciativa para aprender habilidades novas.	Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.	X	X	X
	Aceptación do xogo como medio de desfrute e de relación cos demais.				
Descubrir o xogo como medio que favorece o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións e a aceptación de regras.	Comprensión, aceptación e valoración das regras para xogar.	Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen.	X	X	X
<b>BLOQUE 3: A ACTIVIDADE COTIÁ</b>					
Tomar a iniciativa, aceptar as pequenas frustracións e ser quen de solicitar axuda.	Interese por participar en actividades da vida cotiá, con iniciativa e progresiva autonomía na súa realización.	Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá e colaborar en tarefas.	X	X	X
	Capacitación para solicitar e prestar axuda.				
Progresar na adquisición de hábitos de orde e constancia no desenvolvemento das tarefas.	Hábitos elementais de constancia, atención, iniciativa e esforzo.	Amosar unha actitude positiva ante as propostas de actividades e rematar as tarefas que inicia.	X	X	X
	Valoración e gusto polo traballo ben feito, buscando recursos axeitados que lle permitan concluír os proxectos que inicia.				
Manifestar unha actitude positiva cara a regulación dos comportamentos.	Regulación dos comportamentos propios: esperar a quenda, escoitar os outros, etc.	Resolver as diferentes situacións regulando o seu comportamento de forma positiva.	X	X	X
<b>BLOQUE 4: O COIDADO PERSOAL E A SAÚDE</b>					
Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene e a alimentación.	Recoñecemento das necesidades básicas do corpo: hixiene, alimentación, descanso....	Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	X	X	X
	Iniciación na práctica de accións e recoñecemento de situacións que favorezan a interacción e adquisición de hábitos saudables como a hixiene corporal, a adecuada alimentación, o descanso.				
	Colaboración no mantemento de ambiente limpos e ordenados.				
Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade.	Emprego axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.	Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas.	X	X	X
	Fomento de hábitos de prevención de enfermidades.				

ÁREA	COÑECEMENTO DO CONTORNO					
	OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	TEMPORIZACIÓN		
				1º T	2º T	3º T
<b>BLOQUE 1: MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDA.</b>						
Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións significativas e amosando interese polo seu coñecemento.	Exploración e clasificación de obxectos presentes no medio, recoñecendo as súas funcións e usos cotiáns.	Explorar os obxectos e elementos do contorno e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e cualidades.	X	X	X	
	Recoñecemento dalgúns atributos e propiedades de obxectos e de materiais, e da súa aplicación na vida diaria.					
Avanzar no dominio de habilidades matemáticas, establecendo relacións de agrupamentos e clasificación, orde e cuantificación.	Recoñecemento e emprego do número na vida diaria e a súa funcionalidade (clasificar, numerar, contar, informarse, ordenar elementos).	Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.	X	X	X	
	Utilización da acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico e como verificación do resultado de operacións de cálculo sinxelas e funcionais.					
Recoñecer e identificar formas xeométricas básicas.	Identificación de figuras xeométricas básicas (cadrado, círculo, triángulo).	Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos.	X	X	X	
Establecer relacións de orientación espacial (localización, dirección e posición) respecto a un mesmo e os obxectos.	Establecemento de relacións de orientación espacial de localización, dirección e posición respecto a un mesmo e aos obxectos.	Localizar obxectos en función de criterios de localización, dirección e posición respecto a un mesmo.	X	X	X	
Adquirir progresivamente a orientación temporal a través de situacións da vida cotiá.	Orientación temporal en situacións cotiás empregando diferentes nocións e relacións.	Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos a súa vida.	X	X	X	
	Aproximación ao uso do calendario.					
	Adquisición progresiva da noción do paso do tempo mediante as actividades da vida cotiá.					
<b>BLOQUE 2: ACHEGAMENTO Á NATUREZA</b>						

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

Comprender que o contorno está sometido a cambios e relacionalos cos factores que os producen.	Observación, recoñecemento e valoración dalgunhas características, funcións, comportamentos e cambios nos seres vivos (estacións, ciclo vital...).	Interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia.	X	X	X
	Observación do tempo atmosférico, os seus cambios e as súas consecuencias.				
Desenvolver actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade para a conservación do contorno.	Curiosidade, coidado e respecto cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas.	Manifestar actitudes de coidado e de respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.	X	X	X
<b>BLOQUE 3: CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE</b>					
Relacionarse cos outros, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social.	Colaboración co resto de compañeiros e compañeiras na vida da aula, amosando disposición para compartir e resolver conflitos.	Identificar e recoñecer as normas básicas de vida en sociedade.	X	X	X
	Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento.				
Coñecer distintos grupos sociais próximos a súa experiencia, algunha das súas características, producións culturais, valores e formas de vida.	Achegamento ás funcións que cumpren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidade e achegar servizos presentes na comunidade, evitando estereotipos sexistas.	Recoñecer, identificar e poñer exemplos dalgúns servizos comunitarios.	X	X	X
Coñecer e respectar expresións culturais dos grupos ós que se pertence.	Recoñecemento dalgúns sinais de identidade cultural galega.	Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.	X	X	X

ÁREA	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN				
	OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	TEMPORIZACIÓN	
1º T				2º T	3º T
<b>BLOQUE 1: LINGUAXE VERBAL</b>					
Utilizar as diversas linguaxes para comunicar, expresar ideas e sentimentos, aprender e como fonte de desfrute.	Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, adquirir coñecementos, expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións, facer peticións e como mecanismo para regular a propia conduta e a dos demais.	Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.	X	X	X

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos, con diferentes interlocutores e en diversidade de contextos.	Participación en situacións de comunicación con distintos propósitos, en diferentes contextos e con persoas interlocutoras diversas, usando argumentos nas súas conversas, respectando as quendas e escoitando atentamente.	Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.	X	X	X
Recoñecer e recrear o nome propio como primeiro elemento comunicativo escrito, comprendendo a súa necesidade e uso.	Identificación do seu nome e do dos compañeiros.	Recoñecer o seu nome e o dos compañeiros.	X	X	X
Achegarse á lingua escrita a través de diferentes tipos de textos.	Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.	Amosar interese polos textos escritos presentes na aula, no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades.	X	X	X
	Interese e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.				
	Iniciación ó coñecemento do código escrito a través de palabras e frases empregadas en contextos significativos e funcionais.				
Comprender, reproducir e recrear diferentes tipos de textos literarios.	Escoita e comprensión de diferentes tipos de textos literarios (contos, poemas, rimas, adiviñas, relatos, lendas...). Reprodución dalgún fragmento deles.	Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios diversos: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...	X	X	X
Facer uso axeitado da biblioteca, desenvolvéndose con autonomía neste espazo e valorando a súa importancia como fonte de información e pracer.	Introdución ó uso das bibliotecas de centro e de aula como medio máis de aproximación á literatura e como fonte de diversión e coñecemento.	Utilizar a biblioteca con respecto e coidado.	X	X	X
<b>BLOQUE 2: LINGUAXE ARTÍSTICA: PLÁSTICA-MUSICALCORPORAL.</b>					
Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar... dende as súas ideas, sentimentos, experiencias e coñecementos.	Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes e das distintas técnicas como recursos e medio de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías e experiencias.	Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas.	X	X	X
	Interpretación e valoración de diferentes obras plásticas presentes na aula, no contorno, en museos e exposicións.				
Desenvolver un sentimento de autoconfianza nas propias producións artísticas, e valorar as producións alleas.	Potenciación da imaxinación e fantasía e así aumentar a súa creatividade.	Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.	X	X	X
	Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiás e de instrumentos musicais.				

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

	Participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais, dramatizacións e danzas colectivas e individuais.				
	Audición atenta de obras musicais.				
<b>BLOQUE 3: LINGUAXE AUDIOVISUAL</b>					
Achegarse ó coñecemento e emprego das TIC (ordenadores, internet, pantalla dixital, vídeo...) como ferramentas de busca de información, de creación, expresión, comunicación e desfrute.	Concienciación progresiva do uso moderado e valoración dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da Información e da Comunicación.	Utilizar na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.	X	X	X
	Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades das ferramentas tecnolóxicas.				
	Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación.				

## 12.2 5º EDUCACIÓN INFANTIL

ÁREA	COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL					
	OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	TEMPORIZACIÓN		
				1º T	2º T	3º T
<b>BLOQUE 1: O CORPO E A PROPIA IMAXE</b>						
	Cofecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións.	Exploración do propio corpo. Lateralidade: lados dereito e esquerdo. Esquema corporal. Identificación e valoración progresiva das características propias e dos outros. Identidade sexual.	Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.	X	X	X
	Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser capaces de expresalos e comunicalos.	Identificación dos propios sentimentos e necesidades e comunicación dos mesmos.	Recoñecer os sentimentos e identificar percepcións e sensacións.	X	X	X
	Formarse unha autoimaxe axustada e positiva, identificando gradualmente as propias características,	Adquisición de confianza nas capacidades propias.	Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e re-	X	X	X

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

posibilidades e limitacións.		coñecendo as súas limitacións.			
<b>BLOQUE 2: XOGO E MOVEMENTO</b>					
Descubrir as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.	Control postural, nocións básicas de coordinación de movementos e de orientación. O corpo e o movemento.	Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.	X	X	X
Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá.	Planificación e secuenciación das actividades propias. Resolución de problemas de xeito cada vez máis autónomo.	Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	X	X	X
	Grafomotricidade e a súa realización: traxectos e labirintos.				
Explorar as posibilidades de acción, posibilidades motrices e expresivas.	Exploración e valoración das posibilidades e limitacións perceptivas, motrices e expresivas, propias e dos outros.	Participar nas diferentes actividades motrices interiorizando as súas posibilidades e limitacións nas diferentes actividades.	X	X	X
Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento e a manifestación das emocións.	Psicomotricidade: actividade motriz, xogo con obxectos, circuito, relaxación.	Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.	X	X	X
<b>BLOQUE 3: A ACTIVIDADE COTIÁ</b>					
Adquirir hábitos de esforzo e atención e valoración do traballo ben feito.	Hábitos elementais de observación, de atención, de interese e de esforzo. Valoración do traballo ben feito, por un mesmo e polos outros.	Participar en actividades propias de vida cotiá e valorar o esforzo do traballo ben feito.	X	X	X
Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.	A actividade da vida cotiá. Iniciativa e progresiva autonomía na súa realización.	Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas.	X	X	X
Amosar unha actitude de aceptación e colaboración na interacción cos demais.	Habilidades para a interacción e para a colaboración de forma afectuosa.	Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.	X	X	X
Manifestar unha actitude positiva cara a regulación dos comportamentos.	Regulación dos comportamentos propios: esperar a quenda, escoitar os outros, etc.	Resolver as diferentes situacións regulando o seu comportamento de forma positiva.	X	X	X

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

<b>BLOQUE 4: O COIDADADO PERSOAL E A SAÚDE</b>					
Adquirir progresivamente hábitos saudables como a hixiene corporal ou a alimentación.	Práctica de hábitos saudables: hixiene corporal, alimentación (inxesta de alimentos variados, incluíndo os de orixe vexetal), descanso axeitado, respectando os horarios de sono e de vixilia.	Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	X	X	X
Adquirir hábitos para o correcto mantemento da limpeza e orde no medio.	Colaboración no mantemento da orde e da limpeza nos elementos do medio.	Participar no coidado, limpeza e orde do medio que nos rodea.	X	X	X
Coñecer e discriminar entre diferentes situacións sendo capaz de recoñecer situacións de risco.	Coñecemento e valoración dalgúns factores de risco.	Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas.	X	X	X
Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade.	Petición e aceptación de axuda en situacións que a requiran. Valoralas.	Manifestar hábitos de axuda en situacións que sexa preciso.	X	X	X

<b>ÁREA</b>	<b>COÑECEMENTO DO CONTORNO</b>				
<b>OBXECTIVOS</b>	<b>CONTIDOS</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>TEMPORIZACIÓN</b>		
			<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>
<b>BLOQUE 1: MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDA.</b>					
Observar e discriminar obxectos en relación ao espazo e ao tempo e resolver situacións problemáticas.	Situación dos obxectos no espazo e no tempo («diante-detrás», «antes-despois», «xuntos-separados», «primeiro-último», «a través»). Resolución de situacións problemáticas: sumas (signos máis e igual).	Explorar os obxectos e elementos do entorno inmediato e actuar sobre eles distinguindo aspectos do espazo e do tempo.	X	X	X
Explorar obxectos para a identificación de tamaño e forma.	Interese pola exploración de obxectos do medio para identificar tamaños e formas.	Recoñecer atributos e calidades dos obxectos en relación ao tamaño e a forma.	X	X	X
Identificar diferentes calidades dos obxectos e relacionalos entre si.	Percepción e identificación de atributos e de calidades de obxectos («alto-baixo», «ancho-estreito», «o máis grande», «liso-rugoso», «grande-mediano-pequeno», relacionándoos entre si (clasificacións, seriacións, resolución de crebacabezas).	Agrupar, clasificar e ordenar os obxectos atendendo a diversos atributos.	X	X	X
Establecer relacións cuantitativas entre os obxectos e empregar o conteo para actividades relacionadas coa	Achegamento á cuantificación de coleccións: «moitos-ningún», «cheo-baleiro», «metade», «hai igual», «tantos como/coma»,	Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade	X	X	X

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

vida cotiá.	«máis-menos». Utilización do conteo como estratexia de estimación e uso dos cardinais (correspondencias entre coleccións).				
Recoñecer a serie numérica e a grafía ata o número 7.	Achegamento á serie numérica e ao seu grafo (números 1 ao 7), e a súa utilidade oral para contar. Concienciación da súa funcionalidade na vida cotiá.	Empregar a serie numérica para situacións relacionadas con necesidades da vida cotiá.	X	X	X
<b>BLOQUE 2: ACHEGAMENTO Á NATUREZA</b>					
Desenvolver actitudes de coidado, respecto e valoración do medio natural.	Curiosidade, coidado, respecto e valoración positiva dos elementos do medio natural.	Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios.	X	X	X
Observar os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do contorno e relacionalos cos factores que os producen.	Observación de fenómenos do medio natural e formulación de conxecturas sobre as súas causas e consecuencias: as estacións. Comparación das súas características. Cambios na vida das plantas, das persoas e dos animais. Ciclo vital dalgúns plantas e animais.	Identificar e nomear algúns compoñentes do medio natural, establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e de respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.	X	X	X
Iniciarse na formulación de hipóteses relacionados coa natureza e a súa influencia nos seres vivos.	Elementos da Natureza (auga, terra, aire) e a súa influencia na vida dos seres vivos	Identificar diferentes aspectos da natureza que inflúen nos seres vivos.	X	X	X
Observar e coñecer os cambios no tempo e as súas consecuencias.	Observación dos cambios do tempo e o seu reflexo no calendario da clase.	Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida nas persoas.	X	X	X
<b>BLOQUE 3: CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE</b>					
Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida.	Identificación dos primeiros grupos sociais de pertenza. Valorar o traballo e os servizos dalgúns profesionais.	Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado.	X	X	X
Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración, comprensión e pertenza baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade a que pertencen.	Interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e con nenas da mesma cultura e doutras culturas diferentes.	Valorar e comprender as normas e valores propios da vida en sociedade da nosa cultura e doutras.	X	X	X
Adquirir progresivamente pautas de comportamento para a vida en sociedade.	Incorporación progresiva de pautas axeitadas de comportamento.	Identificar e recoñecer as normas básicas de vida en sociedade.	X	X	X



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

Observar e coñecer diferentes sinais da nosa cultura e de outras.	Recoñecemento dalgún sinal de identidade cultural do medio e participar en actividades grupais.	Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.	X	X	X
---	---	---	---	---	---

ÁREA	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN				
	OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	TEMPORIZACIÓN	
1º T				2º T	3º T
<b>BLOQUE 1: LINGUAXE VERBAL</b>					
Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo.	Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos reais ou fantásticos, para expresar e comunicar ideas ou sentimentos.	Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e cos adultos.	X	X	X
Comunicarse oralmente empregando cada vez máis, as normas establecidas pola lingua propia.	Utilización axeitada das normas que rexen o intercambio lingüístico.	Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe das normas que rexen a nosa lingua.	X	X	X
Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos.	Achegamento ao uso da lingua escrita: discriminación de palabras, de imaxes e de pictogramas, e interpretación deles formando frases. Realización de diferentes grafos, respectando a direccionalidade.	Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo.	X	X	X
Comprender, reproducir, reescribir -tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita-, e recrear textos.	Comprensión da idea global dalgúns contos populares e doutros, identificando e nomeando os protagonistas e algún outro personaxe deles. Comprensión dalgúns poemas, trabalinguas e adiviñas. Reprodución oral dalgún fragmento deles.	Iniciarse no uso de textos escritos e na comprensión das súas finalidades.	X	X	X
<b>BLOQUE 2: LINGUAXE ARTÍSTICA: PLÁSTICA-MUSICALCORPORAL.</b>					
-Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas desde as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos...	Experimentación, manipulación e descubrimento dalgúns elementos plásticos e diferentes cores.	Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas.	X	X	X
Participar na interpretación de cancións, xogos e danzas.	Participación e gozo na interpretación de cancións, de xogos musicais e de danzas.	Interpretar con gozo diferentes xogos musicais e danzas.	X	X	X

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

Desenvolver diferentes actividades relacionadas coa expresión corporal.	Descubrimiento e experimentación de xestos e de movementos como recursos corporais para a expresión e para a comunicación.	Descubrir as posibilidades do corpo para a expresión corporal e a comunicación.	X	X	X
Valorar diferentes formas de expresión como a dramatización, a danza ou a expresión corporal.	Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.	Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións	X	X	X
Achegarse ao coñecemento dalgúns instrumentos así coma do seu emprego.	Exploración e recoñecemento das posibilidades sonoras dalgúns instrumentos musicais.	Explorar as posibilidades de diferentes instrumentos.	X	X	X
<b>BLOQUE 3: LINGUAXE AUDIOVISUAL</b>					
Usar baixo control os medios audiovisuais precisos para acceder á información e á comunicación.	Concienciación progresiva do uso moderado e valoración dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da Información e da Comunicación.	Acceder a diferente información da vida cotiá a través de medios audiovisuais.	X	X	X
Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC	Iniciación no coñecemento e valoración da utilidade dalgún deles, intentando comprender o seu funcionamento de forma elemental.	Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.	X	X	X

### 12.2.1 Plan de reforzo e recuperación

Ao longo de todo o curso reforzaranse os contidos do terceiro trimestre do curso pasado, facendo fincapé nos obxectivos e contidos que non traballamos de forma presencial na aula.

### 12.2.2 Aprendizaxes non adquiridas o curso pasado

Diferentes nocións espaciais, atributos de cor, lateralidade, medidas de capacidade, formas xeométricas: cadrado e rectángulo, diferentes trazos de grafomotricidade, orientación corporal, cuantificadores de tamaño e calidades dos obxectos, diferentes sensacións e percepcións así como a identificación e recoñecemento de diferentes sentimentos, os cinco sentidos, recoñecemento de grafías e fonética das letras do nome propio e maior emprego das TIC.

12.3 6º EDUCACIÓN INFANTIL

ÁREA	COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL				
	OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	TEMPORIZACIÓN	
1º T				2º T	3º T
<b>BLOQUE 1: O CORPO E A PROPIA IMAXE</b>					
Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubrinto as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.	Exploración do propio corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do propio esquema corporal.	Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.	X	X	X
Recoñecer, identificar e expresar trazos e vivencias emocionais, favorecendo o seu autoconcepto, autoestima e autonomía.	Control progresivo dos propios sentimentos e emocións.	Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.	X	X	X
	Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.				
Amosar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais: idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas...	Valoración positiva e respecto polas diferenzas, aceptación da identidade e características das demais persoas, evitando actitudes discriminatorias.	Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.	X	X	X
<b>BLOQUE 2: XOGO E MOVEMENTO</b>					
Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.	Gozo co xogo como medio para coñecer a realidade, mantendo unha actitude de axuda e cooperación con iguais e persoas adultas.	Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.	X	X	X
	Aceptación do xogo como medio de desfrute e de relación cos demais.				
	-Potenciación das súas capacidades motoras, de coordinación e de orientación no espazo.				
<b>BLOQUE 3: A ACTIVIDADE COTIÁ</b>					

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións e manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda.	Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.	Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	X	X	X
	Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.				
	Planificación secuenciada da acción para resolver tarefas.				
Relacionarse coas demais persoas, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social, axustando a súa conduta a elas e respectando as diferenzas individuais e culturais das demais persoas.	Habilidades para a interacción e a colaboración, así como unha actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e iguais, aceptando a diversidade.	Mostrar unha actitude positiva ante a interacción social cos seus iguais e coas persoas adultas.	X	X	X
<b>BLOQUE 4: O COIDADADO PERSOAL E A SAÚDE</b>					
Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.	Recoñecemento das necesidades básicas do corpo – hixiene, alimentación, descanso...-	Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	X	X	X
	Desenvolvemento de hábitos hixiénicos que favorezan unha boa saúde no/a cativo/a.				

ÁREA	COÑECEMENTO DO CONTORNO					
	OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	TEMPORIZACIÓN		
				1º T	2º T	3º T
<b>BLOQUE 1: MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDA.</b>						
Iniciar o cálculo a través da transformación de cantidades.	Utilización da acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico e como verificación do resultado de operacións de cálculo sinxelas e funcionais.	Empregar o cálculo como forma de obtención dun resultado numérico.	X	X	X	
Recoñecer e identificar formas xeométricas.	Identificación de formas planas e tridimensionais en elementos do contorno.	Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos e prismas.	X	X	X	

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando, etc.	Interese pola clasificación de obxectos e de materiais e aproximación á cuantificación de coleccións.	Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios.	X	X	X
	Proposición e resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá: localizar un dato numérico, facer unha repartición, realizar unha estimación...	Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.			
	Orientación temporal en situacións cotiás empregando diferentes nocións e relacións. Aproximación ao uso do calendario.	Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos a súa vida.			
<b>BLOQUE 2: ACHEGAMENTO Á NATUREZA</b>					
Observar os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do contorno e relacionalos cos factores que os producen, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade na súa conservación.	Observación dalgunhas características, comportamentos, funcións e cambios nos seres vivos.	Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios.	X	X	X
	Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas.				
Iniciarse na formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións, para anticipar probables efectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados.	Formulación de hipóteses, contrastándoas coas das outras persoas, buscando respostas e explicacións sobre as causas e consecuencias dos fenómenos do medio natural.	Establecer hipóteses a partir de situacións da vida diaria e experimentos formulados na aula.	X	X	X
<b>BLOQUE 3: CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE</b>					
Recoñecer e vivenciar trazos da nosa cultura: gastronomía, costumes, expresións artísticas, festas populares...	Recoñecemento dalgúns signos de identidade cultural galega.	Identificar trazos culturais propios.	X	X	X
Relacionarse no seu contorno coas persoas que o/a rodean adecuándose ás normas e valores da sociedade.	Interese e disposición favorable para iniciar relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e nenas doutras culturas.	Recoñecer algunhas manifestacións culturais doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.	X	X	X
	Colaboración co resto de compañeiros e compañeiras na vida da aula. Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento.				

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN						
ÁREA	OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	TEMPORIZACIÓN		
				1º T	2º T	3º T
<b>BLOQUE 1: LINGUAXE VERBAL</b>						
	Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos-expresar sentimentos, emocións, desexos, ideas...- con diferentes interlocutores e/ou interlocutoras e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.	Participación oral en conversas, narracións, anécdotas, chistes, xogos colectivos e outros, incrementando o vocabulario, empregándoo con crecente precisión, con entoación axeitada, pronuncia clara e usando estruturas oracionais que enriquezan as propias competencias educativas.	Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.	X	X	X
	Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos.	Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.	Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades.	X	X	X
		Interese e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.				
	Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais e percepción de diferenzas e semellanzas entre elas.					
	Comprender, reproducir, reescribir -tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita-, e recrear textos.	Interese e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.	Producir diferentes textos individualmente ou en grupo – con escritura convencional ou non-, con propósitos e intencións diferentes.	X	X	X
		Iniciación no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.				
<b>BLOQUE 2: LINGUAXE ARTÍSTICA: PLÁSTICA-MUSICALCORPORAL.</b>						
	Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais -o silencio, a mirada, a xestualidade, o olfacto e o tacto- como elementos xenuíños da comunicación humana.	Vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación e mais o intercambio afectivo.	Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión corporais.	X	X	X
	Desenvolver a imaxinación e a creatividade a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transfor-	Potenciación da imaxinación e fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa.	Amosar imaxinación e creatividade a través das súas producións.	X	X	X

mar... expresándoa a través das súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos...					
Desenvolver o sentir autoconfianza nas producións artísticas persoais, amosando interese pola súa mellora, respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas.	Exploración autónoma das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes e das distintas técnicas.	Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.	X	X	X
<b>BLOQUE 3: LINGUAXE AUDIOVISUAL</b>					
Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC – ordenadores, a internet, encerado dixital interactivo, escáner, vídeo...-como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.	Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación.	Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.	X	X	X
	Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas.				

### 12.3.1 Plan de reforzo e recuperación

Ao longo do curso reforzaranse os contidos non traballados durante o curso anterior.

### 12.3.2 Aprendizaxes non adquiridas o curso pasado

As aprendizaxes non adquiridas o curso pasado son: a lateralidade, aspectos da educación emocional, diferentes trazos da grafomotricidade, a forma plana do óvalo, a asociación de grafa a cantidade, o ciclo vital das plantas, hábitos de coidado do contorno e máis uso das TIC.

## 13 PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

A Educación en Valores forma parte de todos os procesos de ensino e aprendizaxe, por ser un dos elementos de maior relevancia na educación do alumnado.

A aprendizaxe destes contidos pretende acadar as seguintes finalidades:

- Fomentar o uso das fórmulas de cortesía.
- Favorecer a convivencia no centro.
- Coñecer e interiorizar normas de convivencia no centro e na sociedade.
- Identificar e valorar os aspectos inxustos da realidade cotiá e das normas vixentes.
- Buscar formas de vida máis xustas no plano persoal e social.
- Elaborar os principios xerais de valor que axuden a enxuizar a realidade de forma crítica e con xustiza.

- Facultar ao alumnado para adquirir comportamentos coherentes coas normas elaboradas por eles mesmos e coas dadas pola sociedade democráticamente, buscando a xustiza e o benestar social.

Tanto a *LOE modificada na súa redacción pola LOMCE*, como o *D 330/2009 do 4 de xuño*, sinalan que a educación infantil debe potenciar a transmisión de valores, que se traballarán de maneira globalizada ó longo do curso nos distintos conceptos a desenvolver.

Os valores a traballar nas aulas de infantil son, algúns como:

1. **Dialoguemos e respectemos aos demais:** supón concienciar para a convivencia democrática, para a adquisición de deberes e dereitos que deben ser respectados, e o respecto á diversidade.
2. **Todos somos iguais:** traballaremos a coeducación, a igualdade entre homes e mulleres, os estereotipos.
3. **Sexamos bos cidadáns:** supón preparar ós nenos e ás nenas para o exercicio da cidadanía e para a participación na vida social e cultural con actitude crítica e responsable.
4. **Vaiamos seguros:** fai referencia ás normas de seguridade vial, sinais de tráfico, actitude responsable na rúa.
5. **Protexamos o medio ambiente:** supón achegar os nenos ó medio natural aprendendo a valorar a importancia que este ten para a vida das persoas e desenvolvendo actitudes de respecto e coidado cara a el.
6. **Consumamos responsablemente:** o que se pretende é que os nenos vaian adquirindo unha actitude crítica e responsable cara ó consumo.
7. **Coidemos a nosa saúde:** o obxectivo fundamental é fomentar nos nenos a adquisición de hábitos de saúde: alimentación saudable, descanso, coidado e hixiene corporal, prevención de accidentes...

A educación en valores, como xa se sinalou, traballarase de maneira globalizada ao longo de todas as unidades didácticas e nas rutinas diarias

#### 14 PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN E A PRÁCTICA DOCENTE

O desenvolvemento da programación e a práctica docente avaliaranse periodicamente, despois de cada sesión de avaliación, e a final de curso.

Estas avaliacións teñen como finalidade adaptarse ás necesidades e características do alumnado.

Os resultados destas avaliacións recollerase na memoria final de curso.

Os instrumentos para levar a cabo estas avaliacións serán as seguintes *escalas de observación*:

#### Avaliación da práctica docente

	INDICADORES	VALORACIÓN			OBSERVACIÓNS (propostas de mellora)
		SI	NON	ÁS VE- CES	
<b>Motivación inicial do alumnado</b>	Presento e propoño 1 plan de traballo explicando o desenvolvemento das tarefas a realizar				



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

<b>Motivación ao longo do proceso</b>	Manteño o interese do alumnado, partindo das súas experiencias e coñecementos.				
	Comunico a finalidade das aprendizaxes a realizar, a súa importancia e a súa aplicación á realidade.				
	Informo dos progresos acadados e das dificultades atopadas.				
<b>Presentación dos conceptos</b>	Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos do alumnado				
	Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema ( mapas conceptuais, esquemas, que teñen que aprender, que é importante, ...)				
<b>Actividades na aula</b>	Formulo tarefas que aseguran a adquisición dos obxectivos previstos e as habilidades instrumentais básicas.				
	Propoño tarefas variadas (de diagnóstico, de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de sínteses, de consolidación, de recuperación, de ampliación e de avaliación).				
	Existe un equilibrio entre as tarefas individuais e tarefas en grupo.				
<b>Recursos</b>	Utilizo recursos variados (audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), tanto para a presentación dos contidos como para a execución das tarefas por parte do alumnado.				
<b>Organización da aula</b>	Distribúo o tempo axeitadamente ( breve explicación, tempo para a realización das tarefas e breve síntese do traballo realizado).				
	Emprego diversos tipos de agrupamentos atendendo á tipoloxía de actividades a realizar.				
	Favorezo a autonomía na realización do traballo.				
<b>Instrucións e orientacións ao traballo do alumnado</b>	Comprobo, de diferentes modos, que o alumnado entendeu a tarefa (pregúntolle que ten que facer, observo o que fai...)				
	Facilito estratexias de aprendizaxe: como pedir axuda, como buscar información, pasos para resolver problemas, animo e favorezo a participación de todos				
	Controlo frecuentemente o traballo (dou pistas e feedback positivo)				
<b>Clima de traballo</b>	As relacións que establezo co alumnado na aula e as que o alumnado establece entre si son correctas, fluídas e non discriminatorias.				
	Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa achega de todos e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflitivas.				
	Fomento o respecto e a colaboración entre o alumnado.				
	Proporciono situacións que facilitan ao alumnado o desenvolvemento da afectividade como parte da súa Educación Integral.				
<b>Seguimento (control do proceso de E-A)</b>	Reviso e corrixo o desenvolvemento da programación para adecuala ás necesidades do alumnado (tempos, recursos, tipos de tarefas, agrupamentos...)				
	Proporciónolle ao alumnado información a execución das tarefas e como pode melloralas.				
	Favorezo os procesos de autoavaliación.				
	No caso de obxectivos non acadados propoño novas tarefas que faciliten a súa adquisición.				
	No caso de obxectivos acadados en pouco tempo, propoño novas tarefas que faciliten un maior grao de adquisición.				
<b>Atención á diversidade</b>	Teño en conta o nivel de habilidades do alumnado, os diferentes ritmos de aprendizaxe, as posibilidades de atención, etc, e en función diso, adapto o proceso de ensino-aprendizaxe.				
	Coordínome co resto do equipo docente para para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos...aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe do alumnado.				

**Avaliación da programación**

INDICADORES	VALORACIÓN			OBSERVACIÓNS
	SI	NON	ÁS VECES	
Organizáronse e secuenciáronse os contidos en relación ás distintas unidades didácticas				
Determináronse os contidos imprescindibles				
Deseñouse a avaliación inicial e levouse a cabo				
Modificouse algún dos elementos da programación				
Acadáronse os obxectivos propostos				
Aplicase a metodoloxía didáctica acordada no equipo didáctico a nivel de organización, recursos didáctico				
A metodoloxía empregada axustouse á características do alumnado				
Adoitáronse medidas de intervención educativa co alumnado que o precisaba				
Leváronse a cabo as medidas específicas de intervención educativa propostas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo				
Leváronse a cabo programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación ao alumnado				
Houbo coordinación entre o equipo docente				
Preséntanse estratexias para a animación á lectura e o desenvolvemento da comprensión expresión oral e escrita				
Desenvolvéronse os temas transversais nas diferentes unidades didácticas				
Leváronse a cabo actividades extraescolares e complementarias				
Empregáronse procedementos e instrumentos de avaliación variados.				